



COMUNICADO DA XUNTA DIRECTIVA DA A.V. A XUNTANZA SOBRE O PLAN DE MOBILIDADE

A Asociación Veciñal A Xuntanza ten como un dos seus principais obxectivos buscar a mellora do barrio de San Pedro e dos veciños e veciñas que aquí viven. Hai xa 30 anos desde a asemblea fundacional e a lectura das actas das asembleas xerais e das xuntas directivas son fiel reflexo do intenso esforzo desenvolvido ao longo da súa historia. Estes mesmos documentos testemuñan como, desde as súas orixes, a resolución dos problemas derivados do tráfico e da convivencia entre vehículos e persoas é unha das nosas principais preocupacións.

Son 30 anos loitando, con maior ou menor sorte, nesta liña. A pasividade das autoridades e a escasa sensibilidade dos condutores cara aos peóns e ao noso patrimonio leváronnos hai anos a solicitar do Concello a elaboración por técnicos independentes dun plan de mobilidade integral para o noso barrio. Esta foi a nosa principal demanda nos últimos 10 anos e o caos no que actualmente vivimos evidencia a súa necesidade e, agora, a súa inminente urxencia.

Nos reclamábamos e reclamamos un plan de mobilidade, que non so de tráfico, concretamente:

- Unha estratexia global para todas e cada unha das rúas do noso barrio; non parches concretos nin intervencións puntuais aquí ou acolá.
- Unha solución definitiva e non suxeita a decisións puntuais do Departamento de Tráfico ou á cor do Goberno Municipal. Aprobada, por tanto, polo Pleno do Concello.
- Un proxecto integral: autobuses, taxis, coches e peóns. Con accións concretas a desenvolver a curto, medio e longo prazo.
- Un modelo que garanta o dereito dos veciños á vivir no seu barrio: rúas seguras, zonas de aparcamento definidas, itinerarios claros e estables para entrar e saír do barrio.
- Unha proposta que poña fin ao deterioro de moitas vivendas do noso barrio, que son tamén Patrimonio da Humanidade.
- Reclamamos o noso dereito a aparcар, circular e camiñar.
- Reclamamos o noso dereito a gozar dunha mellor calidade de vida.

A Xuntanza Asociación Veciñal

*Rúa Fraguas Nº 37, Baixo - 15703 Santiago de Compostela - CIF G15223159
Teléfono 606 985 280 - email: info@axuntanza – www.axuntanza.org*

Vista a nosa demanda histórica, o Sr. Alcalde comprometeuse a encargar un estudo. O equipo técnico presentou un avance da diagnose na pasada primavera nun acto ao que foron convidados os colectivos veciñais e as administracións e entidades implicadas. Os resultados do seu análise recibímolos, meses despois, da man da Concelleira delegada de mobilidade.

O panorama xeral descrito no documento dos expertos pouco hai que a veciñanza non percibise: desproporcionado volume de vehículos circulando cada día polas nosas rúas, beirarrúas que non cumpren uns mínimos requisitos de seguridade para peóns, as veces estragadas ou construídas con materiais non apropiados para persoas con problemas de mobilidade, velocidades inadecuadas nalgunhas rúas, excesivo volume de vehículos pesados... Sí son moi interesantes as cifras que aportan, xa que cuantifican a magnitude do caos no que vivimos: o eixo Rúa de San Pedro- Concheiros soporta máis tráfico que Virxe da Cerca; un 75 % deses vehículos son de paso cara a outros barrios; déficit crónico de prazas de aparcamento; 12.000 peóns/día no eixo San Pedro-Concheiros...

Os expertos propoñen a moi grandes rasgos o camiño que debemos seguir: dar prioridade aos peóns que son os principais usuarios das nosas rúas; aporta tamén algunhas propostas como, por exemplo, reducir o tráfico, crear zonas de paso e aparcamento só para residentes, limitar a velocidade e o tránsito de vehículos pesados ou corrixir os intervalos dos semáforos. Son, non obstante, propostas xerais que necesitan concreción: ¿en que rúas haberá zonas de aparcamento para residentes?, ¿qué semáforos hai que arranxar? ¿qué rúas se poderían peatonalizar? ¿en cales habería que tomar medidas para disuadir aos condutores de paso?...

Unha morea de accións concretas que, a día de hoxe non teñen resposta xa que non se nos presentou unha proposta concreta sobre a que traballar. Sí coñecemos, propostas para peatonalizar a Rúa de San Pedro, crear un bulevar nos Concheiros, construír un aparcamento soterrado no parque de Belvís ou reformar a zona ORA na Rúa de San Pedro.

Son todas ideas que tanto a Asociación coma a veciñanza, debe valorar. Non obstante, convén non esquecer que, polo de agora, son intervencións puntuais da mesma caste que as realizadas nos últimos anos. Calquera delas terá un impacto moi relevante nas rúas adxacentes e na mobilidade dos veciños e veciñas do barrio. Este tipo de accións puntuais son as que nos levaron á situación actual.

Na situación actual, esta Xunta Directiva entende que non pode aceptarse ningunha intervención á marxe dun plan global para todo o barrio. Poderemos peatonalizar ou non, elixir este ou aquel pavimento para as todas as rúas (non só para San Pedro) ou implementar os minibuses eléctricos pero teremos que facelo a partir

A Xuntanza Asociación Veciñal

*Rúa Fraguas Nº 37, Baixo - 15703 Santiago de Compostela - CIF G15223159
Teléfono 606 985 280 - email: info@axuntanza – www.axuntanza.org*

dunha proposta integral que inclúa a todas as rúas do barrio e non só o eixo San Pedro-Concheiros.

Tamén cremos que ese plan de acción debe ser realizado por un equipo de expertos en mobilidade e contar coas aportacións da veciñanza. Unha vez alcanzado un acordo, debe existir un consenso entre os grupos municipais para respectalo mentres resulte axeitado para o barrio, independentemente das persoas e grupos políticos que en anos sucesivos teñan ao seu cargo esta responsabilidade.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2008.